



Concello de Betanzos  
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

**Teléfono: 981 770 011**

**Fax: 981 776 529**

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

## **BASES DO SERVIZO DE CAMPAMENTO DE NADAL BETANZOS CONCILIA 2022/2023**

### **OBXECTO**

O campamento de Nadal conforma, xunto cos campamentos de verán Betanzos Concilia, unha alternativa de lecer para os/as nenos/as de 3 a 12 anos do municipio de Betanzos, cunha dobre finalidade: a de permitir a conciliación familiar, laboral e persoal das familias betanceiras; e a de ofrecer un espazo de esparcemento para nenas e nenos en igualdade de oportunidades. Tamén persegue contribuír á diminución das desigualdades sociais e favorecer a integración dos/as menores en risco de exclusión social.

Tanto transversalmente como en actividades específicas traballarase a igualdade de xénero e o fomento da lingua galega.

### **OBXECTIVOS**

Os principais obxectivos son:

- Reforzar a igualdade de oportunidades na infancia.
- Favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias.
- Promover a integración social dos/as menores en situación de risco.
- Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores.
- Promover o uso da lingua galega e a nosa cultura.
- Desenvolver habilidades sociais dos/as nenos e nenas para relacionarse adecuadamente.
- Fomentar a convivencia e ampliar o marco de relacións dos/as menores.
- Promover o respecto á diversidade.
- Fomentar o desenvolvemento da creatividade e as propias competencias a través do xogo.
- Fomentar a comunicación e a iniciativa capacitando aos/ás nenos/as para a toma de decisións.
- Fomentar o respecto pola contorna máis inmediata e pola cidade onde viven e o medio ambiente.
- Fomentar a afección por actividades ao aire libre, exercicio físico, e o traballo en equipo.

## **PERSOAS DESTINATARIAS**

Poderán solicitar a súa participación nos campamentos de verán Betanzos Concilia 2022/2023 as familias da rapazada de entre **3 e 12 anos cumpridos, sempre que se encontren cursando no curso actual dende o nivel de 4ª de Educación Infantil ata o de 6º de Primaria**, e nas seguintes circunstancias.

- Empadroados/as no Concello de Betanzos. O Concello comprobará a veracidade de dito empadramento.
- Non empadroados/as no Concello de Betanzos, unicamente no caso de que quedasen prazas dispoñibles, e por rigurosa orde de inscrición.

Quen teña unha **discapacidade** igual ou superior ao 33% poderá participar nesta convocatoria sempre que posúa a **capacidade de integración nun grupo** e que as súas necesidades especiais lle permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver, o que **deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social**.

## **LUGAR E DATA**

O campamento de Nadal Betanzos Concilia desenvolverase nas dependencias do CEIP Francisco Vales Villamarín, de luns a venres agás festivos, nas seguintes datas.

- **Do 23 de decembro ao 5 de xaneiro (10 días).**

## **HORARIO**

- Entrada: Entre as **09:00 horas** e as **10:00 horas**. Non se recollerá a ningún/ha menor antes das 09:00 horas, aínda que o persoal monitor se encontre nas dependencias do campamento.
- Hora da recollida: **Flexible entre as 13:00 horas e as 14:00 horas**, para favorecer a conciliación. Non se poderá recoller a ningún/ha menor pasados 10 minutos das 14:00 horas.

## **PRAZAS**

Ofértanse un **máximo de 50 prazas**. Será necesario un **mínimo de 15 nenos/as** para realizar a actividade.

## **CUSTO**

- O **custo do servizo será de 80€ por neno/a** de acordo coa modificación da Ordeanza do prezo público n.º 2, publicada no BOP da Coruña o 16 de novembro de 2022.
- **Desconto do 20%** en cada fillo/a no caso de **acreditar ser familia numerosa**.
- Reservaranse **5 prazas** en total para **casos de exclusión social** debidamente **acreditados polos Servizos Sociais Municipais**.

## **ACTIVIDADES**

As actividades terán como **eixo vertebrador a igualdade entre nenas e nenos**, a través de iniciativas lúdicas de ocio e tempo libre (xogos, obradoiros, etc.), así como **actividades propias da época do Nadal**.

A través do xogo cooperativo trataranse valores de respecto, igualdade de oportunidades, resolución de conflitos e o fomento da nosa cultura e lingua galega.

Incluírase **unha saída fóra do Concello de Betanzos**.

## **INSCRICIÓNS**

O prazo de inscrición será do **5 ao 14 de decembro, ámbolos dous días incluídos**.

A documentación necesaria para realizar a inscrición será:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto, que poderá obterse en:
  - Sede electrónica do Concello de Betanzos. <https://sede.betanzos.gal>
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor.
- Título de familia numerosa, de solicitarse a bonificación por ese concepto.
- Para as prazas reservadas por risco de exclusión, a documentación necesaria para realizar esta valoración e previa cita no departamento de Servizos Sociais.

A presentación de inscricións realizarase **preferentemente a través da sede electrónica do Concello de Betanzos** <https://sede.betanzos.gal> a través do botón "Iniciar trámite".

Recordamos que para utilizar a sede electrónica é preciso dispoñer de Certificado electrónico, ou DNI electrónico, ou Cl@ve PIN, ou Cl@ve permanente.

Excepcionalmente as persoas que acrediten que non contan cós medios necesarios para realizalo por esta vía, poderán contactar cós servizos sociais chamando ao 981 77 07 07.

## **PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS**

A listaxe provisional de admitidos/as publicarase o **luns 19 de decembro**.

Poderase consultar na páxina web municipal <https://betanzos.es> ou nos taboleiros de anuncios de Servizos Sociais e o Edificio Liceo.

## **ADXUDICACIÓN DE PRAZAS**

- **Directa:** a adxudicación será directa no caso que non se supere o número de prazas dispoñibles.
- **Sorteo público:** Se o número de solicitudes supera as prazas dispoñibles, antes da publicación da listaxe de admitidos/as realizarase un sorteo público no Salón Azul do Liceo o día anterior ao de publicación da lista de admitidos/as, o **venres 16 de decembro**. Os irmáns ou irmás inscritos/as para a mesma quenda participarán no sorteo cunha papeleta única. Así mesmo o sorteo dará lugar a unha lista de agarda.

No caso de que as familias dos/as admitidos/as non realicen o ingreso do custo dos campamentos en prazo ou renuncien á praza obtida por sorteo, chamarase telefonicamente aos/ás integrantes da lista. No caso de no ser localizados/as tras tres chamadas a diferentes horas, pasarase ao/á seguinte da lista.

No caso de existir prazas vacantes xa iniciada a actividade, as crianzas poderanse incorporar nela despois do comezo do campamento, sempre que se conserve a ratio monitor/a-nena/o.

## **PAGAMENTO**

As cotas pagaranse unha vez aparecido na lista de admitidos/as o nome do/a neno/a e sempre con anterioridade ao inicio da actividade a través dunha transferencia na **conta do Banco Sabadell co IBAN ES23 0081 2215 6900 0114 5819**.

Na transferencia deberase indicar o **nome e apelidos do/a neno/a** e como **concepto "Campamento de Nadal Betanzos Concilia"**.

Unha vez realizado o ingreso, o xustificante enviarase por correo electrónico a [marta.pineiro@betanzos.gal](mailto:marta.pineiro@betanzos.gal). **Prazo máximo o 22 de decembro.**

## **DEVOLUCIÓN DE TAXAS**

Unha vez obtida a praza e aboado o prezo da quenda correspondente, **unicamente devolverase a taxa se a/o menor non puidese acudir ao campamento por situación médica acreditada co correspondente informe facultativo**, antes do inicio da actividade.

## **REUNIÓNS INFORMATIVAS**

Antes do inicio dos campamentos haberá unha **reunión informativa** para as familias coa empresa encargada do desenvolvemento do campamento no Salón Azul do Liceo:

- **22 de decembro ás 19:00 horas.**

## **NORMAS**

A inscrición na actividade supón o compromiso de aceptación das normas.

### **Dereitos das persoas usuarias:**

- Bo trato por parte do persoal do servizo e dos/as outros/as usuarios/as.
- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- Proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- Favorecer a súa participación no servizo.

### **Obrigas das persoas usuarias:**

- Incorporarse á actividade nos horarios establecidos.
- Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable.
- Entregar a documentación requirida.

- Para a recollida das/os menores sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran autorizadas.
- Respectar as normas establecidas polos equipos de monitores, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
- Non transferir a praza asignada.
- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos/as demais usuarios/as.

O incumprimento reiterado das normas establecidas suporá causa de baixa.

A alcaldesa , María Barral Varela.

Betanzos, a 2 de decembro de 2022.

## ANEXO. SOLICITUDE.

SOLICITUDE CAMPAMENTO DE NADAL BETANZOS CONCILIA 2022 / 2023.					
<b>DATOS DO/A NENO/A</b>					
<b>NOME:</b>		<b>APELIDOS:</b>			
<b>DNI/NIF:</b>		<b>TELÉFONO/S:</b>			
<b>IDADE:</b>		<b>DATA NACEMENTO:</b>			
<b>ENDEREZO POSTAL:</b>					
<b>CIDADE:</b>		<b>PROVINCIA:</b>		<b>C.P</b>	
				<b>:</b>	
<b>ENDEREZO ELECTRÓNICO:</b>					
<b>EMPADROADO/A:</b>	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<b>PADECE ALERXIA/S?:</b>	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> CAL?:
<b>SOLICITO ASISTIR Á SEGUINTE ACTIVIDADE DE NADAL</b>					
Campamento de Nadal "Betanzos Concilia" (De 3 a 12 anos), do 23 de decembro ao 5 de xaneiro.					
<b>Entrada:</b>	<input type="checkbox"/> 09:00 h	<input type="checkbox"/> 10:00 h	<b>Saída:</b>	<input type="checkbox"/> 13:00 h	<input type="checkbox"/> 14:00 h
<b>INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR</b>					
<input type="checkbox"/>	ATA 6,5 VECES O IPREM		<input type="checkbox"/>	DESDE 6,5 VECES O IPREM ATA UN 15% MÁIS	
<b>AUTORIZO</b>					
AO CONCELLO DE BETANZOS A CONSULTAR NO PADRÓN MUNICIPAL OS MEUS DATOS DE EMPADROAMENTO. <input type="checkbox"/>					
<b>SOLICITO BONIFICACIÓN POR RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL</b> (PRECÍSASE INFORME DE SERVIZOS SOCIAIS, DEBERÁ SOLICITAR UNHA CITA NO MESMO DEPARTAMENTO). <input type="checkbox"/>					
<b>AUTORIZACIÓN PARA A ASISTENCIA (Pai/ nai ou titor/a)</b>					
<b>NOME E APELIDOS:</b>		<b>DNI/NIF:</b>			
<b>COMO PAI/NAI OU TITOR/A DE:</b>					
AUTORIZOO/A A ASISTIR A TODAS AS SAÍDAS PROGRAMADAS FÓRA DO LUGAR HABITUAL DE DESENVOLVEMENTO DO CAMPAMENTO.					
<b>AUTORIZACIÓN PARA O USO DE IMAXE DO/A MENOR DE IDADE (Pai/ nai ou titor/a)</b>					
<b>NOME E APELIDOS:</b>		<b>DNI/NIF:</b>			
<b>COMO PAI/NAI OU TITOR/A DE:</b>		<input type="checkbox"/> <b>AUTORIZO</b>	<input type="checkbox"/> <b>NON AUTORIZO</b>		
AO CONCELLO DE BETANZOS Á PUBLICACIÓN E REPRODUCCIÓN EN DIFERENTES MEDIOS (PUBLICACIÓNS, PÁXINA WEB, REDES SOCIAIS...) DAS FOTOGRAFÍAS EN QUE APARECE O MEU FILLO OU FILLA PARTICIPANDO EN ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE BETANZOS. ESTE MATERIAL GRÁFICO ESTARÁ SUXEITO A USO EXCLUSIVAMENTE EDUCATIVO E DIVULGATIVO.					
<b>LUGAR:</b>		<b>DATA:</b>		<b>SINATURA:</b>	

<b>INFORMACIÓN SOBRE CAMPAMENTO DE NADAL BETANZOS CONCILIA 2021 / 2022</b>	
<b>Actividades de leer pedagógico e de carácter convivencial, con eixo vertebrador a igualdade entre nenas e nenos.</b>	
<b>DATAS:</b> 23 DECEMBRO - 5 XANEIRO (DE LUNS A VENRES, AGÁS FESTIVOS)	<b>LUGAR:</b> CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN.
<b>HORARIO:</b> ENTRADA ENTRE AS 09:00 HORAS E AS 10:00 HORAS – SAÍDA ENTRE AS 13:00 HORAS OU 14:00 HORAS.	
<b>IDADES:</b> 3 – 12 ANOS.	<b>+ INFO:</b> 981 770 707
<b>PRAZO DE INSCRICIÓN:</b> 5-14 DECEMBRO	<b>COTA:</b> 80 EUROS
<b>LUGAR DE INSCRICIÓN:</b> SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BETANZOS.	
<b>PRAZAS:</b> 50 (REQUIRESE UN MÍNIMO DE 15 PARTICIPANTES PARA REALIZAR A ACTIVIDADE).	
<b>INFORMACIÓN SOBRE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E PAGAMENTO DA COTA</b>	
As prazas adxudicaranse de forma directa ou por sorteo público se a demanda excede o nº de prazas. Terán prioridade os/as nenos/as empadroados/as en Betanzos. A adxudicación das prazas publicarase na páxina web <a href="https://betanzos.es">https://betanzos.es</a> antes do inicio da actividade. É necesario entregar unha copia da tarxeta sanitaria xunto coa solicitude do Campamento de Nadal "Betanzos Concilia".	
As cotas pagaranse unha vez confirmada a praza e antes de iniciar a actividade a través dunha transferencia na conta do Banco Sabadell co IBAN ES23 0081 2215 6900 0114 5819. Deberase indicar o nome e apelidos do/a neno/a e como concepto "Campamento de Nadal Betanzos Concilia".	
As persoas solicitantes que teñan o título de familia numerosa, condición que deben acreditar documentalmente, terán un desconto do 20% en cada fillo/a.	